

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 12/12/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:50 horas do día 12/12/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05 de decembro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/4476

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21-11-2022 de adxudicación a Hera Holding Habitat Ecología y Restauración Ambiental, S.L. dos traballos de visita e toma de datos en relación a vertido de hidrocarburos nas rúas Doutor Tourón e Avda. Rodrigo de Mendoza.

Onde de di:

O que totaliza un orzamento de adxudicación de 1.815,00€(ive engadido)

Debe dicir:

O que totaliza un orzamento de adxudicación de 1.815,00€(ive engadido), con cargo á partida 151-22706.

PRP2022/4480

Dáse conta da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 30 de novembro de 2022, de anuncio relativo aos servizos de tempada nas praias na provincia de Pontevedra 2023. Información pública respecto das instalacións de servizos de tempada de verán e escolas de surf, paddle surf, plataformas flotantes inchables, nas praias da provincia, apertura de prazos para presentación de solicitudes. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/4483

Dáse conta de escrito do Instituto Nacional de Estatística comunicando a proposta de cifra de poboación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2022, resultando para este municipio 37.677 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/4485

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración co Circulo Artístico e Deportivo Gato Negro para concesión de subvención, por importe de 5.999,18 €, con cargo á partida 334.48201, para levar a cabo obras de mellora e adecementamento interior das instalacións da sede, situada na

Avda. Rosalía de Castro nº 208.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/4506

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ricarsat S.L., para compra de etilometro safir para a realización de probas de alcoholemia a conductores, por un importe total de 9.920,79€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4507

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Saborit International, para o subministro de 50 kits indiciarios para analisis de drogas (2 caixas de 25 unidades), por un importe total de 1.185,80€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4522

Dáse conta do seguinte informe do Enxeñeiro Informático relativo á solicitude de subvención do Ministerio de Política Territorial destinada á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais entre 20.000 e 50.000 habitantes:

Na Xunta de Goberno Local do día 28/09/2022 aprobáronse os seguintes acordos:

1. Solicitar a subvención publicada no BOE do día 1 de setembro de 2022: Orden TER/836/2022, de 29 de agosto, do MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais , no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para concellos con poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes. A subvención será dedicada á renovación do C.P.D. do Concello de Vilagarcía de Arousa.
2. Incorporar ao orzamento actual, na partida económica que corresponda a contía de 260.082,59 euros asignada ao Concello, coa finalidade de proceder a licitación e adxudicación da actuación solicitada. Debe terse en conta que da orde publicada no BOE, dedúcese que a subvención solicitada financia o 100% do gasto efectuado.
3. Adxudicar á empresa ZABALA INNOVATION CONSULTING, S.A. a redacción da memoria necesaria para solicitar a subvención, o seguimento ata a resolución de concesión/denegación do proxecto e as tarefas de xestión e xustificación do proxecto por un importe de 17.545 euros IVE incluído con cargo a dúas anualidades (10.890 euros incluído o IVE, con cargo ao ano 2022 e 6.655 euros incluído o IVE, con cargo ao ano 2023). Debido a natureza dos traballos este gasto debe imputarse o 50% con cargo á aplicación presupuestaria de hardware do ano 2021 e o 50% restante con cargo á aplicación presupuestaria de software do ano 2021.

Para poder optar a esta subvención o Concello debe aprobar previamente á presentación da solicitude os seguintes asuntos:

- 1.- O proxecto para o que solicita a subvención ("RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA"). O proxecto vai adxunto a esta solicitude.
- 2.- A participación e aceptación do procedemento regulado na orde TER/836/2022 e a solicitude da subvención.
- 3.- O Compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa de dispoñer de todos os recursos humanos, técnicos e presupuestarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade.
- 4.- O Compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa de adoptar as medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de interese ou dobre financiación ao longo de todo o procedemento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno

cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden ao Concello de Vilagarcía.
Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1. A aprobación do proxecto “RENOVACIÓN DO C.P.D. DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, ao que se vai dedicar a subvención publicada no BOE do día 1 de setembro de 2022: Orden TER/836/2022, de 29 de agosto, do MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL
2. A aprobación da participación e aceptación do procedemento regulado na orde TER/836/2022 e a solicitude da subvención.
3. A aprobación do compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa de dispoñer de todos os recursos humanos, técnicos e presupuestarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade.
4. A aprobación do compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa de adoptar as medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de interese ou dobre financiación ao longo de todo o procedemento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden ao Concello de Vilagarcía.

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/4448

Dáse conta dos xustificantes de gastos presentados por Asociación Española Contra el Cancer. Visto o informe dos Servizos sociais e da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación ó seu favor, polo importe de 1.500,00 €, correspondente á Subvención nominativa para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade do cancro durante o ano 2022, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

EMPREGO

PRP2022/4416

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, presentada por Eva Gandara Domínguez.

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a axuda solicitada por EVA GANDARA DOMINGUEZ, NIF: 35483148J e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor do solicitante, por importe de TRESCIENTOS OITO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (308,35€) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

PRP2022/4462

Dáse conta da proposta da Concellería de Promoción Económica, para adxudicación do contrato menor de Servizo "Campaña de Comunicación online para as prazas de abastos do Concello de vilagarcía de Arousa, dentro do mardo da orden ICT/951/2021 de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladores da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais cortos de comercialización, e se procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O importe de licitación máximo según precios de mercado e de 16.940,00€(IVE engadido) con cargo á partida 4311-6270018.

Para levar a cabo este servizo se solicitaron orzamentos á seguintes empresas: Proimaxe C.B, NaranjayLimón e DeseñosyWebos.

Foron recibidas as seguintes ofertas:

EMPRESA	PRECIO	MELLORA	PUNTAC. PRECIO	PUNTAC. MELLORA	TOTAL

PROIMAXE	12.450,00(máis IVE)	500 uds/trimestre	75	25	100
NARANJAYLIMON	13.360,00(máis IVE)	500 uds/trimestre	30,96	25	55,96
DISEÑOSYWEBS	13.596,00(máis IVE)	1.000 uds	19,54	25	44,54

Por todo o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizo para "Campaña de comunicación Online para as prazas de abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa", a Proimaxe Marketing e Programación, S.L., de conformidade coa súa oferta, polo importe de 16.940,00€ (IVE incluído) e coa mellora antes indicada, con cargo á partida 4311-6270018.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/4426

Presentada pola USC a xustificación do convenio aprobado en XGL do día 14/06/2021, na base 8ª sobre a xustificación da subvención, e unha vez emendado un requirimento, compróbase que se cumpren os termos indicados no mencionado convenio.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga e o pago a favor de Unviuersidade de Santiago de Compostela por importe de 11.414,31€ con cargo á partida 320-489.

PRP2022/4508

As concellerías de Educación e de Igualdade e Benestar promoveron as BASES REGULADORAS DO OUTORGAMENTO DE AXUDAS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS/AS E DE CICLOS SUPERIORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE, RESIDINDO EN VILAGARCÍA DE AROUSA, REALICEN OS SEUS ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL NO CURSO 2021/2022.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, o técnico de Educación emitiu o informe de data 05.12.2022, no que se indica que “que o total de solicitudes presentadas ascendeu a 193.

O importe da axuda será de 400 € para os estudos universitarios ou similares e de 200 € para os estudos de ciclos superiores de Formación Profesional ou similares ou da UNED.

A concesión practicarase previa baremación das solicitudes atendendo estritamente á renda per cápita da unidade familiar, conforme foi definida no apartado 2 das bases, e ata esgotar o crédito desta convocatoria.

O importe das axudas concedidas non poderá exceder de 60.000,00 euros distribuídos nas seguintes aplicacións orzamentarias: 320-48003.- 30.000,00€; 231-48003.- 30.000,00€.

As que compren os requisitos establecidos son 168, que suporían un importe total de 61.600 €. Correspondería conceder a axuda a 164 solicitudes, quedando sen cubrir 4, que suporían un importe de 1.600.

Varias consideracións deben ser tidas en conta para tratar de solventar esa insuficiencia de crédito:

- O importe das axudas, de 400 ou 200 €, mantense dende que foron convocadas por primeira vez neste concello, para o curso 2016/17. Esa constancia nese importe supón unha diminución efectiva da capacidade de gasto que pode cubrir esa axuda, máis aínda coa inflación tan alta dos últimos tempos.
- O mesmo ocorre coa dedución da renda que establecen as bases polo aluguer da vivenda habitual, que se mantivo ano tras ano nos 250 €/mes: de feito supón que esa “resta” na renda teña cada vez menos valor porque os alugueiros se incrementan ano tras ano. E, por outra banda, ao incrementarse a renda familiar no ipc e non facelo a contía da dedución, esta vai resultando en cada exercicio unha porcentaxe menor respecto daquela.

No caso de incrementarse a consignación ata o 61.600 €, a relación de axudas aprobadas, e ás que xa procedería o pago porque están debidamente xustificadas, e as rexeitadas e as súa causa sería:

Aprobadas son 168:

Por exceso de renda, son rexeitadas 8:

Por cursar estudos que non son obxecto desta convocatoria, 5:

Por non estar matriculado no número de asinaturas ou de créditos suficiente, 4:

Por non superar o 50% das materias nas que estaba matriculado/a, 2:

Por non atender ao requirimento, 3

Por estar presentada fora de prazo, 3

Vista a proposta da Concellería de Educación e o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Incrementar a partida presupostaria 320.48003 ata 31.600 €.

- Aprobar a relación de axudas concedidas e denegadas e o pago das mesmas con cargo ás partidas indicadas 320.48003 (31.600 €) e 231.48003 (30.000 €).

PRP2022/4504

O técnico de Educación emitiu informe, de data 07.12.2022, no que sinala que “logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, foron tramitadas un total de 345, ao abeiro das BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á EDUCACIÓN INFANTIL PARA FAMILIAS CON ALUMNOS MATRICULADOS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS AUTORIZADAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CURSO 2022/2023,

Respecto do financiamento, as bases sinalan que “as obrigas económicas que se derivan da presente convocatoria imputaranse á aplicación orzamentaria 231.48003 da Concellería de Benestar Social e Igualdade, por un importe máximo de 7.500 €, e á aplicación 320.48003, da Concellería de Educación, por un importe máximo de 6.000 €, do orzamento municipal de 2022, o que da un total de 13.500 €. A aplicación 320.48003 poderá ser incrementada en 1.500 € no caso de sobrantes noutros programas financiados ao seu cargo (Plan Madruga 2022) conforme ao disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, previo informe do Departamento de Educación”

No plan Madruga, resulta un sobrante de 300 €, que en base ao anteriormente exposto, pode ser engadido a esta convocatoria de axudas á Educación Infantil, polo que o orzamento total ascende a 13.800.

O importe da axuda é de 60 € por alumno/a. O número de solicitudes que cumpren os requisitos ascende a 274 polo que sería preciso contar cunha consignación presupostaria de 16.440 € para poder concedelas todas.

Cos 13.800 € pódense atender 230 solicitudes, polo que 44 non serían cubertas por falta de consignación presupostaria.

Varias consideracións se deben ter en conta para tratar de solventar esa situación:

- No orzamento 2022 existe o crédito adecuado é suficiente para facer fronte ao pago desas 44 axudas que cumpren os requisitos.

- O importe das axudas, 60 €, estableceuse hai xa 8 anos, para o curso 2014-15, e dende aquela non volveuse a incrementar. Manter ese importe supón unha diminución efectiva da capacidade de gasto que pode cubrir esa axuda, máis aínda coa inflación tan alta dos últimos tempos.

- O mesmo ocorre coa dedución da renda que establecen as bases respecto do aluguer da vivenda actual, que sempre se mantén, ano tras ano, nos 250 €/mes: de feito supón que esa “resta” ten cada vez menos valor porque os alugueiros se incrementan ano tras ano. E, por outra banda, ao incrementarse a renda familiar no ipc e non facelo a contía da dedución, esta vai resultando en cada exercicio unha porcentaxe menor respecto daquela.

- O límites de renda que se establecen nas bases son moi baixos. Para unha familia de 4 membros, por exemplo, é de 21.771,71. Se non se incrementa a partida, a última que ten dereito a axuda é unha unidade de 4 membros e 17.229 € de renda no ano 2021.

Incrementando a partida ata o 16.440 €, a relación de axudas aprobadas e denegadas, e as súas causas, é a seguinte:

Aprobadas, son 274

Rexeitadas por exceso de renda son 55

10 son rexeitadas por ser solicitudes para estudos que non son o obxecto desta convocatoria:

1 por tratarse dunha solicitude repetida

3 porque o alumno/a non está matriculado nun centro escolar en Vilagarcía

1 por estar presentada fora de prazo

1 por non contestar ao requirimento

En base ao informe antes transcrito, e visto o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno acorda incrementar a consignación presupostaria desta convocatoria ata os 16.440, con cargo á partida 320.48003 e aprobar a relación de axudas, concedidas e denegadas, tal e como figuran no informe.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/4477

O Concello de Vilagarcía de Arousa resultou beneficiario, pola Resolución do 19 de xullo de 2022 pola que se conceden as subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021, dunha axuda para a adquisición de puntos limpos móbiles, cunha porcentaxe subvencionable en ambos casos dun 90% dos gastos totais subvencionables.

Liña subvencionable	Total gastos subvencionables	Porcentaxe cofinanciamento por parte da entidade local	Importe subvención resultante (ata o 90 % do custe subvencionable co límite da contía máxima establecida)
LÍNEA 3-PLM	53.799,90 €	10,00 %	48.419,91 €

No proxecto presentado para dita axudas contemplábase a adquisición de remolques adaptados como puntos limpos móbiles, elementos de sinalización (paneis informativos) para colocar nas localizacións correspondentes e unha campaña de sensibilización.

Orzamento total do proxecto: 66.489,38 €, IVE incluído, dos cales:

- 53.799,90 en concepto de proxecto
- 1150 en concepto de campaña de sensibilización
- 11.539,48 en concepto de IVE

Tras solicitar a varias empresas orzamentos de postes que permitisen tanto a sinalización informativa como o enganche do remolque dos puntos limpos móbiles, a única empresa que ofertou un produto adecuado as necesidades foi Baygar SL con CIF B-12019659

En base a isto a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Baygar SL, con CIF B-12019659 o subministro de 30 unidades de postes informativos en ferro galvanizado e bandexa de aluminio con rotulación por un orzamento de 6806,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.62300.

CULTURA

PRP2022/4470

Vista a solicitude de D. Daniel Espiño Otero, Cura Párroco de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Festival de Panxoliñas o vindeiro día 17 de decembro de 2022:

- Actuación da Coral de Sobradelo por un importe de 391,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2022/4679

Acórdase completar o acordo da Xunta de Goberno Local acorda do 05-12-2022 relativo á adxudicación do contrato de obras "Adaptación de Espazo en punto limpo destinado a autorreparación e intercambio de residuos municipais" (PRP 2022/4455) no senso de fixar pagos parciais do importe do contrato.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/4498

Visto o expediente de gasto INT/2022/505 integrado pola relación de xustificantes F/2022/146 por importe de 141.908,35 €.

Vistos os informes dos servizos que se integran nos expedientes.

Vistos os informes de Covalidación das concellerías delegadas que se integran nos expedientes.

Vistos os informes de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1-CA cnvalidación dos expedientes de gastos á vista dos informes dos/as Concelleiros/as delegados/as co seguinte detalle:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Programa	Economica	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2022/3146	Emit- 710	03/05/2022	334	22199	376,61	B94141025	DIPETRINTA, S.L.	FLIP6 ALT.PORTATIL JBL

2- O Recoñecemento de Obriga para as relacións de facturas por importe de 141.908,35 € coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/ 2022/3146	Emit- 710	03/05/2022	376,61	334	22199	DIPETRINTA, S.L.	FLIP6 ALT.PORTATIL JBL
F/ 2022/3360	2206 2206002622	15/02/2022	139,15	4312	213	ORONA SOCIEDAD COOPERATIVA	100% a la Finalización de los trabajos según oferta/contrato Contrato/PR: 980663 DIR APA: R ALEXANDRE BÓVEDA 5- ORONA PH
F/ 2022/5154	EL 00000052	28/07/2022	605,00	150	22799	MONDELO, S.L.	DEPARTAMENTO DE URBANISMO / RESPONSABLE: Dña. Paola María Mochales. / ---- / Documentación realizada para el requerimie
F/ 2022/5494	F 221443	11/08/2022	1.294,70	432	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Planos a 4/4 tintas plegados en acordeón en 6 cuerpos y al medio a T/10x22cm. CASTELLANO / Planos a 4/4 tintas plegados
F/ 2022/5698	SANEAMIENTO/ 2021	29/07/2022	11.602,60	943	46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	LIQUIDACIÓN DA ANUALIDADE 2021 DOS USUARIOS DA REDE DE SANEAMIENTO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. TRANS. OUTRAS ENT. LOC.
F/ 2022/5703	Emit- 301	23/08/2022	834,90	338	22602	BAÑOS PRINT, S.L.	CARTELES OBRADOIRO 92*130 / CARTELES CONCIERTOS 92*130 / CARTELES XANTAR DEMORADO 92*130 / CARTEL ASEOS 82*130 / DECÁLOG
F/ 2022/5779	AAF001/2022	01/08/2022	400,00	432	22610	CORTES RODRIGUEZ, VANESA	CONCERTO MUSICAL ""AAMIGAFEA"" NO FESTIVAL ""AS 9 NA PRAIA"" O 30/07/2022. (TURISMO)
F/ 2022/5899	948 221204398	30/08/2022	121,00	334	22699	BAYGAR, S.L.	SANITARIO AISLADO 1,00x1,10x2,40m
F/ 2022/5928	V 20221801	31/08/2022	672,76	334	212	MADERAS REDONDO, S.L.	J. TARIMA PINO PAIS PISO BISELADA / TABLERO CARRIAGE WISA-WIRE
F/ 2022/6272	2022 1	06/09/2022	400,00	432	22610	ASOC. MUSICOCULTURAL TNT BAND	Concierto TNT Band en "As 9 na praia" 28/07/2022"
F/ 2022/6301	Emit- 1404	26/08/2022	43,80	334	212	DIPETRINTA, S.L.	CABLE JACK3 / CONECTOR XLR 3PIN MACHO / MANO DE OBRA 1 TECNICO / R11 LIMPIA

							CONTAC.LUBRICA
F/ 2022/63 02	Emit- 1405	26/08/ 2022	23,96	334	22699	DIPETRINTA, S.L.	CLAVIJA BIPOLAR BLANCA / CLAVIJA BIPOLAR BLANCA / MANGURA TRANS 2X0.75
F/ 2022/63 33	F007- 22	01/08/ 2022	151,25	165	213	ALDIESA, S.L.U.	ORDEN DE COMPRA N° 7781. FECHA 30/05/2022. CODIGO SERVIVIO Y SERVICIO: 165- ALUMEADO PÚBLICO. NTRA RFº PRESUPUESTO M008-
F/ 2022/63 48	F066/22 1	16/09/ 2022	726,00	432	22799	FB2 ESTUDIO DE INGENIERIA, S.L.	F066/22 (Mirador Monte Xiabre Coordinación Seguridad y Salud)
F/ 2022/64 79	A 2200622	16/05/ 2022	123,90	334	212	DECOPLAC AROUSA, S.L.	ALBARÁN N2201342 / RUEDA ESPARTO BLANCO (SISAL) / ESCAYOLA LA NIEVE SACO 25KG / TRAMPILLA METAL CLIC 500X500 / TRAMPILL
F/ 2022/65 34	Cult- 6782022	16/09/ 2022	786,50	134	22799	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra. Cult-678/2022 instalación de Xogos Populares: corda, goma, trompo, canicas, carreiras de sacos... a tarde do día 16
F/ 2022/65 35	Cult- 6802022	17/09/ 2022	1.875,50	134	22799	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra. Cult-680/2022 realización de dous pases, un pola maña e outro pola tarde, de animación de rúa a carga de Troula, o
F/ 2022/65 37	22 5165	20/09/ 2022	3,00	912	22699	SOBRINO G., S.A.	LLAVE BRUTO GORJA 15-GNIK/G
F/ 2022/65 38	22 5158	20/09/ 2022	8,95	334	212	SOBRINO G., S.A.	DISCO LÁMINAS 115 G-120
F/ 2022/65 39	22 5157	20/09/ 2022	9,16	334	22199	SOBRINO G., S.A.	PILA ALC.H/E LRO3 4903 B/4
F/ 2022/65 71	945 221103270	23/09/ 2022	39,45	454	22199	BAYGAR, S.L.	PLACA COMPLEMENTARIA ECO AMARILLA 35x55cm CON VINILO
F/ 2022/65 73	945 221103269	23/09/ 2022	245,84	1720	213	BAYGAR, S.L.	CEPILLO LATERAL TERRACO 350MM ACERO 3F F540 6A DESBROZ
F/ 2022/65 86	RM 221890	26/09/ 2022	22,94	1720	213	RECAMBIOS HIDRAULICA MIRO, S.L.	HACER LATIGUILLO 1/2""
F/ 2022/65 87	Cult- 6922022	22/09/ 2022	726,00	134	22799	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra. Cult-692/2022 realización do espectáculo Clownclusions a cargo de Fran Rei e Félix Rodríguez, o día 22 de setembro
F/ 2022/65 90	020 345	08/07/ 2022	332,02	3321	213	FERNANDEZ PORTAS, ISIDRO	REPARACION AIRE ACONDICIONADO BIBLIOTECA PUBLICA SALA DE ESTUDIO ORDEN DE COMPRA 7804 SEGUN ALBARAN 004184: DISYUNTOR 2,
F/ 2022/65 92	33	21/09/ 2022	750,00	334	22703	FUNDACION TERRA TERMARUM CASTROLANDIN	Obradoiro iniciación á cerámica. Centro Cult.Bamio
F/ 2022/65 95	137/22	13/09/ 2022	403,00	912	22601	PAPELERIA ARINES, C.B.	BOLIGRAFOS INOXCROM VODAS (ALCALDÍA)
F/ 2022/65 96	138/22	13/09/ 2022	335,00	912	22601	PAPELERIA ARINES, C.B.	BOLIGRAFOS INOXCROM VODAS (ALCALDÍA)
F/ 2022/65 97	139/22	13/09/ 2022	335,00	912	22601	PAPELERIA ARINES, C.B.	BOLIGRAFOS INOXCROM VODAS (ALCALDÍA)
F/ 2022/66 08	22 356	26/09/ 2022	8.907,42	134	22799	GLOBAL SETUP, S.L.	CONGRESO SEGURIDAD VIAL VILAGARCIA (CIDADES QUE CAMIÑAN) / PANTALLA DE LED / CONTROL DE VIDEO / SONIDO / GRABACIÓN Y STR
F/ 2022/66 09	22 5167	20/09/ 2022	50,46	3262	22199	SOBRINO G., S.A.	PILA ALC.H/E LRO6 4906 B/4 / PILA

2022/66 10		2022					ALC.H/E LRO3 4903 B/4 / LLAVE BRUTO A TE-8I
F/ 2022/66 26	22JVKI000292	31/05/ 2022	2.681,29	1622	22700	PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A.	TRANSPORTE CAJA 30M3 DE BANAL / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON)
F/ 2022/66 27	22JVKI000357	30/06/ 2022	2.937,56	1622	22700	PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A.	TRANSPORTE CAJA 30M3 DE BANAL / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON)
F/ 2022/66 45	2022 14499	13/07/ 2022	162,14	1720	22199	CANTO BUA, JUAN JOSE	SACOS DE BASURA INDUSTRIAL 90X110 EXTRA FUERTE, 20 R
F/ 2022/66 56	02148000028222F	27/09/ 2022	5.742,93	334	22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Agosto de 2022SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Servi
F/ 2022/66 60	02148000028622F	27/09/ 2022	1.609,34	3261	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza CONSERVATORIO Agosto de 2022Importe servizo
F/ 2022/66 61	02148000029222F	27/09/ 2022	2.461,31	2311	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL
F/ 2022/66 63	02148000028722F	27/09/ 2022	1.086,46	3262	22700	CLECE, S.A.	ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Agosto de 2022Importe servizos
F/ 2022/66 95	F 221722	30/09/ 2022	393,25	334	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Polípticos de 4 cuerpos a 4/4 tintas plegados a 10x21 cm. REF.:PROGRAMACION CULTURAL OCTUBRE
F/ 2022/67 25	REP-22 009	30/09/ 2022	215,33	334	22602	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Reparto de material publicitario de actividades de caracter cultural.
F/ 2022/67 30	FE22 17	03/10/ 2022	3.524,13	454	203	GALSUR PROYECTOS OBRAS, S.L.U.	ORDE DE COMPRA Nº: 13975 RETRO EXCAVADORA DE 22 TN / ORDE DE COMPRA Nº: 13975 MAQUINA MIXTA C/ CAZO / ORDE DE COMPRA Nº:
F/ 2022/67 47	02148000026122F	30/09/ 2022	131,82	334	22700	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalación BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), DESDE 26AL 30 SEPT
F/ 2022/67 48	02148000026222F	30/09/ 2022	4.033,62	3321	22700	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Septiembre de 2022ZONAS COMUN
F/ 2022/67 50	02148000026422F	30/09/ 2022	51.430,76	320	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Septiembre de 2022CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Septi
F/ 2022/67 51	02148000026522F	30/09/ 2022	6.115,97	334	22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Septiembre de 2022SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / S
F/ 2022/67 52	02148000026722F	30/09/ 2022	318,42	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIO MATOSINHOS Septiembre de 2022Importe servizos
F/ 2022/67 56	02148000027222F	30/09/ 2022	69,91	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Septiembre de 2022Escola Obradoiro
F/ 2022/67 58	02148000027522F	30/09/ 2022	359,72	920	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E GAC EN A MAROMA Septiembre de 2022GAC / Servizo de

							limpeza en OFICINA MUNICIPAL
F/ 2022/67 68	4049249813	09/09/ 2022	288,95	1720	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	LUBRICANTE-SPRAY-MULTILUBE- 400ML / IMPUESTO DE RESIDUOS DEL ARTICULO 089305540 024 12 / AFLOJATODO BOLTEX COBRA, 300
F/ 2022/67 81	2022- 1454	04/10/ 2022	1.583,08	150	22706	CALIXTO ESCARIZ, S.L.U.	HONORARIOS (Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes
F/ 2022/67 86	Emit- 1633	04/10/ 2022	12.705,00	334	63200	DIPETRINTA, S.L.	TELON DE FONDO MOLTON NEG / BAMBALINA MOLTON NEGRO / PATAS MOLTON NEGRO
F/ 2022/67 89	02148000029422F	30/09/ 2022	332,02	320	22700	CLECE, S.A.	Servicio Extraordinario de limpieza y desinfección por obras en la zona de comedor y cocina en el Colegio de Educación E
F/ 2022/67 91	02148000029522F	30/09/ 2022	85,09	334	22700	CLECE, S.A.	Limpieza Extraordinaria por la Programación de una actividad cultural en el Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa
F/ 2022/67 99	03/21	14/08/ 2022	391,00	338	22609	ASOC. CULT. OS XIRIFEIROS	ACTUACIÓN O 14 DE AGOSTO DE 2022 POLAS FESSTAS DE SAN ROQUE EN VILAGARCÍA. (CULTURA).
F/ 2022/68 00	220081	26/09/ 2022	40,00	2311	22106	RODRIGUEZ MARTINEZ, Mº PILAR	METADONA CLORHIDRATO SOL. 1%. (SPAD).
F/ 2022/68 01	2022/004	22/08/ 2022	350,00	338	22609	ASOCIACIÓN MUSICAL A XAIBA	CONCERTO NAS FESTAS DE SAN ROQUE O DÍA 18/08/2022. (CULTURA).
F/ 2022/68 05	02/2.022	29/09/ 2022	335,00	334	22609	ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER	ACTUACIÓN NA MISA NA HONRA A SAN MIGUEL CELEBRADA O DÍA 29 DE SETEMBRO EN TRABANCA BADIÑA. (CULTURA)
F/ 2022/71 39	2222	07/08/ 2022	726,00	150	640	CHOREN SANTOS, JESUS M.	SERVIZOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA ACCESIBILIDADE NA RUA ALEXANDRE BÓVEDA. (X. URBANISMO)
F/ 2022/71 87	2022 009	05/09/ 2022	109,38	912	22601	LOS PEPES, C.B.	GASTOS DE REPRESENTACION HERMANAMENTO CIDADE MATOSINHOS. SERVICIO DE ALCALDIA. GABRIEL GONZALEZ DIAZ. / GASTOS DE REPRES
F/ 2022/73 67	D-15- 2022	31/08/ 2022	3.375,00	134	48401	EMPRESA PEREIRA, S.L.	31/08/2022 RECARGAS TARXETA VAI-BUS PARA TRANSPORTE URBANO. AGOSTO 2022. (225 RECRGAS SEGÚN RELACIÓN ADX.) (MOBILIDADE).
F/ 2022/75 79	D-17- 2022	30/09/ 2022	4.395,00	134	48401	EMPRESA PEREIRA, S.L.	30/09/2022 RECARGA DE TARXETAS VAIBUS DURANTE O MES DE SETEMBRO 2022 (293 RECARGAS SEGÚN RELACIÓN ADXUNTA) (MOBILIDADE).
F/ 2022/83 81	2022/38	28/11/ 2022	1.573,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA EN ENXEÑERÍA, NOVEMBRO 222. (URBANISMO).
		TOTAL	141.908,35				

PRP2022/4499

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° UN (2022/8382), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/8244), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 17.073,56€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº UN (2022/8382), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/8244), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 17.073,56€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
8382	UN	23/11/2022	17.073,56 €	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	CERT. UN. OBRA MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2	134	61900

PRP2022/4500

Visto o expediente de gasto INT/2022/541 integrado pola relación de xustificantes F/2022/150 por importe de 13.679,60 €.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/150 por importe de 13.679,60€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/2022/5674	A1:A:22/1309	15/08/2022	2.145,00	160	22700	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	LIMPIEZA DE COLECTORES EXTRA JORNADA TARDE / LIMPIEZA DE COLECTORES EXTRA JORNADA TARDE / LIMPIEZA DE COLECTORES EXTRA J
F/2022/6270	A1:A:22/1401	31/08/2022	11.534,60	160	22700	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	LIMPEZA DE TUBAXES, SANEAMIENTO E BOMBEOS DA REDE / MUNICIPAL - MES DE AGOSTO DE 2022
		TOTAL	13.679,60				

PRP2022/4501

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº DÚAS (2022/8445), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/8410), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 50.260,69€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº DÚAS (2022/8445), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/8410), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 50.260,69€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
8445	DÚAS	02/12/2022	50.260,69 €	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	CERT. DÚAS. OBRA MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2	134	61900

PRP2022/4502

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº TRES (2022/8446), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/8411), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 46.916,88€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES (2022/8446), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2022/8411), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 46.916,88€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
8446	TRES	02/12/2022	46.916,88 €	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	CERT. TRES. OBRA MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 2	134	61900

RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

RENDAS

PRP2022/4396

Dase conta á Xunta de Goberno Local de escrito presentado por Espina y Delfin, S.L. empresa concesionaria do servizo de Subministro de Auga, de data 18/11/2022 (RE WEB2022008075) no que achega relación de abonados que teñen recibos pendentes de pago, co fin de proceder, salvo acordo en contra, á reclamación da débeda detallada:

1. Abonados con recibos fóra de prazo: A relación consta de 1175 abonados, cunha débeda total de 244.653,08 €, comenzando polo código 3009322 e rematando no 3043924
2. Envío de notificacións aos abonados(dous avisos con acuse de recibo).
3. Suspensión do servizo
4. Vía de prema.

O art. 6 do Regulamento do Subministro Municipal de Auga indica que: “ Son obrigas do aboado: a) Todo abonado estará na obriga do pago puntual dos cargos que o concesionario lle formule segundo os prezos e tarifas aprobadas, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios aos que fai referencia o presente regulamento...”.

O art. 27.2 di: “ O concesionario poderá suspender-lo servizo de abastecemento de auga a un abonado nos seguintes casos:

- a) Se non satisfai puntualmente o importe dos servizos conforme ao estipulado na póliza de subministro.
- b) Por falta de pago, transcurridos trinta días dende a comunicación das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude ou de caso probado de reincidencia no mesmo.”

O art. 68 do Prego de condicións para a xestión do servizo indica que: “O Concello de Vilagarcía de Arousa a instancia do Concesionario, facultará a utilización da vía de prema para percibi-las prestacións económicas dos usuarios, derivadas da concesión, tanto para o cobro dos recibos de Abastecemento de Auga, como para o cobro das restantes cantidades que teñan natureza de taxa ou prezo público”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o inicio da reclamación da débeda.

TESOURERÍA

PRP2022/4460

Dáse conta do informe de convalidación da Concellería Delegada de Facenda, no que se indica: Consta 1 factura emitidas por Noroeste Local SL por importe total de 3.094,58 € correspondente á ordenanza fiscal da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral, de data 08.11.2022.

Se trata dun gasto que se corresponde coa modalidade de contratos menores por razón de contía dos definidos no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017 de 08 de novembro de 2017. A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 02.08.2021 acordou adxudicar o contrato menos de servizos de Asistencia para fiscalización técnica e económica das

taxas e prezos públicos municipais no Concello de Vilagarcía de Arousa á empresa Noroeste Local SL por importe de 18.101,60 €.

Non obstante, debido á demora na subministración de datos por parte da Administración y á toma de decisión sobre aspectos regulados nas ordenanzas, non foi posible a execución do contrato no prazo indicado, quedando a maior parte do mesmo pendente de executar na data actual.

Tal e como se acredita na propia factura, o servizo foi prestado de conformidade.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto correspondente á citada factura.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:55 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.